

RESOLUCIÓN DA ALCALDIA

ASUNTO: RES. MODIF. MEMBROS MESA COORDINACIÓN INTERNA DAS POLÍTICAS MUNICIPAIS DE INFANCIA E ADOLESCENCIA.

EXPEDIENTE: 2023/G003/001403

Por Resolución da Alcaldía do 16 de febreiro de 2018 (res 166/2018) creouse o Órgano de Coordinación interna das políticas municipais da infancia e adolescencia de Teo, denominado MESA DE COORDINACIÓN INTERNA.

A misión deste órgano consiste en articular e dotar de coherencia interna ás políticas de infancia e adolescencia do goberno local favorecendo a comunicación e colaboración entre representantes políticos e técnicos de distintas concellerías, departamentos ou áreas de traballo.

Á vista de que se estableceu que dita Mesa se reuniría con carácter ordinario unha vez ao semestre, podendo celebrarse sesión extraordinaria sempre que sexa necesario e independentemente das reunións técnicas necesarias para levar a cabo as funcións asignadas.

Á vista de que, tralas eleccións locais de maio de 2023, se constituíu unha nova Corporación Local o 15 de xuño de 2023, e mediante Decreto da Alcaldía do 27 de xuño de 2023 (res. 786/23) realizouse a correspondente delegación de atribucións nas/os novas/os concelleiras/os.

Considerando que, de acordo co exposto, é preciso actualizar os membros da Mesa de Coordinación Interna.

En virtude do exposto e no uso das facultades que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa aplicable,

RESOLVO:

Primeiro.- Designar como membros do Órgano de Coordinación interna das políticas municipais da infancia e adolescencia de Teo, denominado “Mesa de Coordinación Interna” ás seguintes persoas:

Representantes políticos:

- Coordinación política: D. Juan Jesús Cerqueiro Pintos, Concelleiro delegado de Servizos sociais, Familia, Infancia, 3ª idade e Relacións veciñais
- D.^a María Vázquez Rey: concelleira delegada de Educación, Muller, Igualdade e Diversidade
- D. José Manuel Guerra Calvelo, concelleiro delegado de Obras e infraestruturas
- D. Rogelio Gómez Fernández, concelleiro delegado de Deportes e Xuventude
- D.^a María margarita Rosende Domínguez, concelleira delegada de Cultura, turismo, Festas tradicionais e Festexos.

Persoal técnico:

- Coordinación técnica: D.^a Eva López Soto, educadora social do Concello de Teo.
- D.^a Chus Boullón Rodríguez, técnica de deportes do Concello de Teo.
- D.^a Silvia Casas Portela, alfabetizadora dixital do Concello de Teo.
- D. Jesús Manuel Rodríguez García, encargado do Servizo municipal de obras do Concello de Teo.

Segundo.- Dar traslado da presente Resolución a todos os membros da Mesa de Coordinación Interna das políticas municipais de infancia e adolescencia do Concello de Teo.

Terceiro.- Dar conta ao Pleno da Corporación, na primeira sesión ordinaria que se celebre

Teo, asinado na data que figura na marxe.

A alcaldesa,

A secretaria acctal., que dou fe

Lucía Calvo de la Uz

M^a. Sueiro Fernández